



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL LABORAL TEMPORAL: CUADRILLA LIMPIEZA DE PLAYAS CAMPAÑA 2021: 5 PEONES

EXPEDIENTE: 2021/G003/000556

ANTECEDENTES:

A Deputación provincial da Coruña mediante resolución de concesión de subvención ven de aprobar A concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa ma100: convocatoria do **PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA** durante o exercicio 2021, entre eles está o Concello da Laracha (publicado no BOP de 14 de maio do 2021).

Segundo o artigo 19.4 de la ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021 indica que: “No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables”

Efectuada a solicitude de previa autorización ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas no ano 2015, recibimos resposta na que textualmente di: “corresponde a la potestad de autoorganización y capacidad de decisión de esa Entidad Local la evaluación de las necesidades de la contratación ...”.

A sentenza número 185/1995, do 14 de decembro, do Tribunal Constitucional, aclaratoria do que se consideran servizos públicos esenciais sinala que: “el servicio requerido es objetivamente indispensable para poder satisfacer las necesidades básicas de la vida personal o social de los particulares de acuerdo con las circunstancias sociales de cada momento y lugar o, dicho, con otras palabras, cuando la renuncia a estos bienes, servicios o actividades priva al particular de aspectos esenciales de su vida privada o social.”

Tendo en conta o argumentado na providencia de alcaldía de 21 de maio de 2021 incoando expediente de elaboración de bases de selección para a contratación laboral temporal mediante contrato de obra ou servizo determinado **de 7 traballadores: 5 peóns e 2 capataces durante 3 meses cunha xornada laboral parcial (30 h./semana)** a través do sistema de concurso-oposición; e segundo a Lei 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021 que no seu artigo 19.4. enténdese xustifico o carácter prioritario e/ou esencialidade do servizo a contratar considerándose unha necesidade urxente e caso excepcional, que afecta ao funcionamento dun servizo público.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o disposto no artigo 15 do Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar as seguintes:

BASES PARA A SELECCIÓN DE 5 PEÓNS DE LIMPIEZA DE PRAIAS NO ANO 2021, MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

1ª. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a aprobación da convocatoria e a regulación do proceso selectivo, mediante o procedemento de concurso-oposición de méritos de 5 peons dentro do Programa de limpeza de marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo parcial (30 h./semana), baixo a modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, de 5 peóns, para formar cuadrillas de limpeza de praias e rexeranse polas presentes bases (formada por 5 peóns e 2 capataces, por un período de 3 meses)

As funcións e tarefas a desempeñar serán as de a limpeza e mantemento dos arenais da praia de Caión, ás súas instalacións, para mantelas en perfecto estado para o uso por parte dos bañistas, así como as vías, rúas e xardíns de acceso, debendo empregar diferentes ferramentas e equipos de limpeza e mantemento.

2ª.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- d) Acreditar certificado de escolaridade, ou equivalente .
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

3.ª- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As solicitudes para tomar parte no proceso dirixíranse a Sr. alcalde deste Concello, e presentaranse na sede electrónica do Concello <https://sede.alaracha.gal> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de (5) **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como a través da Sede electrónica do Concello da Laracha (sede.alaracha.es). No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981606331) ou un e-mail ao seguinte: registro@alaracha.gal coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación. Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Xunto coa dita solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

*A fotocopia do DNI.

* A fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente.

* A fotocopia do Celga 1 ou certificado de iniciación (no seu caso).

* o xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame que será de 8 euros. Poderá ser efectuada en calquera das seguintes contas:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

CAIXABANK: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO PASTOR: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente), para o cal deberá aportar:

- Informe de períodos de inscrición
- Documento equivalente no que conste, de xeito inequívoco, data de inscrición como demandante de emprego durante, cando menos un mes anterior á publicación no BOP e que, actualmente, continúa na mesma situación.

A non presentación nos termos descritos será causa de exclusión.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumira documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. no caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

* Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

4.^a– DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.

A duración do contrato será de 3 meses, , a xornada parcia (30 horas/semana). O contrato de traballo será por obra ou servizo determinado.

O horario será o establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde-presidente.

de acordo ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24de marzo) establecece un período de proba de un mes.

5.^a– ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

1.–Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo de 10 días naturais, que se publicará na páxina web municipal: <https://www.alaracha.gal/>, no que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgarase un prazo improrrogable de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da LRXAP.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2.–Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal: <https://www.alaracha.gal/>.

6.^a– TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

O Tribunal de Valoración estará composta por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres (3)vogais. Os seus membros deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da LRXAP.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei. O Tribunal queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Para os efectos de percepción de asistencias, a Tribunal terá a categoría segunda (2.^a) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7.^a– CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS E OPOSICION.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A resolución da Alcaldía aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición do Tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal fixará tamén a data e máis a hora na que deberá constituírse así como o día, lugar e a hora para a realización da valoración dos méritos e proba práctica.

A fase de concurso será previa á fase de oposición de acordo ao disposto no artigo 4.c) do RD 896/1991 e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición, procedéndose á valoración dos méritos alegados polos aspirantes. O Tribunal cualificará, unha vez acreditados documentalmente, os seguintes méritos:

FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 4,5 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 2 puntos.

- a) Experiencia profesional en traballos como peón en administracións públicas: 0,15 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.
- b) Experiencia profesional en traballos como peón en empresas públicas ou privadas do sector: 0,05 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 0,50 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social ou certificado de servizos prestados expedido por fedatario público no que conste os distintos aspectos a valorar (tipo de contrato, posto de traballo, xornada laboral...)

2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCÍONS A DESEMPEÑAR: puntuación máxima 1puntos.

- a) Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública,





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

- Duración de 51 a 150 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.
- Duración de 151 a 300 horas ou mais, a razón de 0,50 puntos/curso.

b) Pola realización de acción formativa en materia de Prevención de riscos laborais (solo se valorará un curso ou acción formativa): 0,25 puntos.

3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: puntuación máxima 0,50 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

- Celga 2: 0,15 puntos.
- Celga 3: 0,30 puntos.
- Celga 4: 0,50 punto.

No caso de posuír máis dun curso dos enumerados, valorarase soamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

4. PERMISOS DE CONDUCCIÓN: puntuación máxima 1 punto.

- Por estar en posesión do permiso de conducción de clase C1 o C: 0,50 puntos.
- Por estar en posesión do permiso de conducción de clase BE: 0,50 puntos.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

FASE DE OPOSICIÓN.- puntuación máxima 9 puntos

Proba práctica: Nesta proba valorarase o tempo empregado, a destreza, as medidas preventivas necesarias para levar a cabo unha labor óptima, e demais actuacións relativas ao desenvolvemento destas tarefas.

Será preciso acadar unha puntuación igual ou superior a 4,5 puntos para ser proba superada.

Proba de galego: (Apto/Non Apto)

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 1 ou equivalente deberán facer o exame.

O exame consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

8.ª.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse atendendo ás seguintes circunstancias:

Maior puntuación na fase de oposicion. De persistir, maior puntuación no fase de concurso no no apartado 1 e posteriormente no 2 e así sucesivamente.

De continuar o empate resolverase por sorteo.

No suposto de persistir o empate dirimirase polo criterio da orde alfabética por apelido, acudindo a tal efecto ao resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 05.02.2021) para a OEP 2021, isto é, a letra “Y”.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

9.ª.-RESULTADOS DA SELECCIÓN.

O Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para o posterior nomeamento como persoal laboral temporal, asimesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeadas persoal laboral temporal cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do persoal municipal.

10.ª- BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO DOS ASPIRANTES.

Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a renuncias ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do persoal municipal, entre outras tanto para persoal funcionario interino ou laboral temporal.

A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida. O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renunciem o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

11.ª.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Fotocopia da cartilla da S.S.
6. N.º de conta bancaria cos 20 díxitos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

12.ª.-NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación, o órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

13.ª.-INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, ou a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____, de _____
anos, con DNI _____ e domicilio en
_____, n.º _____, piso _____, C.P. _____,
da localidade _____, e teléfono
_____, correo electrónico

EXPOÑO:

- I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de A LARACHA PARA A SELECCIÓN DE 5 PEÓNS DE LIMPIEZA DE PRAIAS .- Programa de limpeza de marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021
- II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

1.º. Ser admitido no proceso para provisión temporal de 5 PEÓNS DE LIMPIEZA DE PRAIAS, achegando para estes efectos a seguinte RELACION ORDEADA E FOLIADA de documentación:

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Títulos esixidos para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Certificado Celga ou documento equivalente.
- Documento acreditativo do pago das taxas ou certificado de minusvalía (igual ou superior ao 33%) ou informe de períodos de inscrición como demandantes de emprego no que se acredite que figura como demandante de emprego nun período de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas.

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

A Laracha, ____ de _____ de 2021.

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A LARACHA”





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Relación dos méritos que se achegan:

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

